

## ***Reportaxe fotobiográfica de Agustín Fernández Paz***



Fig 1.- Todos os nenos dos anos cincuenta temos unha foto similar, case sempre sentados e diante do mapa de España, e Agustín non ía ser menos; aprendíamolo enteiro: cabos, montes, provincias, comarcas, producións e ríos.




Fig.2.- De Vilalba á Universidade Laboral de Xixón. Fíxose perito industrial mecánico e entrou en contacto co mundo do traballo industrial, o que tan interesante lle ía ser logo como educador en Mugardos, con tantos fillos de traballadores da industria naval.



Fig.3.- Fernández Paz e a súa dona foron mestres en Gernika a mediados dos anos setenta e alí entraron en contacto co colectivo Adarra (Grupo de Pedagogía Freinet); tempo de formación, de lecturas e de debates; tamén de consolidación da profesión de educador.




Fig.4.-Un Agustín profesor, radiante e feliz, sostido pola felicidade do alumnado. Os rostros dino case todo. Un maxisterio longo, tranquilo, cálido...



Fig.5.- A súa fertilidade literaria foi extraordinaria. Aquí, unha pequena mostra. E aínda acaban de editarse agora dous orixinais seus.



Fig.6.- Puido gozar dalgũa xubilación, aínda que un chisco mancado de saúde: ler, escribir, intervir...co río da vida diante dos ollos.